



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO NÚM. 1 DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 27 DE XANEIRO DE 2022

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

D^a María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D^a Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)

D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)

D^a María Sambade Lloréns (CxG)

D^a Maruxa Martínez Romaní (BNG)

Non asiste pero xustifica a súa ausencia D^a María Lago Lestón (BNG)

SECRETARÍA XERAL

D. José Manuel Mayo Priegue

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, o secretario accidental do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Sra. alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

A. PARTE DISPOSITIVA

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Primeiro. Aprobación da acta anterior núm. 13 de sesión de pleno ordinario do 25 de novembro de 2021

A señora alcaldesa, D^a María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto da acta núm. 13 de sesión de Pleno ordinario do 27 de novembro de 2021 que se presenta para que o Pleno a aprobe, e non habendo observacións, apróbase a acta núm. 13 de sesión de pleno ordinario do 27 de novembro de 2021 polos membros presentes, cos votos a favor dos concelleiros non adscritos (3), do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal popular (3) e da concelleira do grupo municipal do BNG (1), D^a Maruxa Martínez Romaní e a abstención do concelleiro D. José Vázquez Rama, por non estar presente.

Segundo. Moción do PSOE sobre política gandeira

A señora alcaldesa dá paso á intervención de D^a Sandra Maneiro que le a moción que é do seguinte teor literal:

O Grupo Municipal dos Socialistas de MUROS de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais, desexa someter a consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre políticas de gandería.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A agricultura e a gandería son actividades xeradoras de bens públicos, que contribúen á vertebración do territorio, á xeración de emprego en zonas con escasas alternativas económicas e á conservación do medio ambiente.

Neste sentido, a sustentabilidade das explotacións agrícolas e gandeiras pasa por alcanzar un grao de rendibilidade suficiente que, en ocasións, dependendo do sector (capacidade de achegar valor engadido) e das características do territorio, só se consegue sobre a base da economía de escala e da dimensión.

O desenvolvemento da gandería nos próximos anos, tanto no contexto europeo como no internacional, virá marcado polo maior esforzo para incrementar a súa sustentabilidade ambiental, a súa achega á mitigación do cambio climático e a súa resiliencia fronte ao mesmo.

En calquera caso debe quedar clara a aposta do Goberno polas explotacións familiares que contribúen de maneira tan importante ao mantemento dun medio rural vivo e a fixar a poboación no campo. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación debe traballar en colaboración cos representantes dos sectores e das CCAA na procura do equilibrio necesario e do crecemento sostible e modernización das nosas explotacións, tanto a través das correspondentes normas de ordenación nos distintos sectores gandeiros, como no marco do futuro Plan Estratégico Nacional da Política Agraria Comunitaria.

Debe sinalarse que son precisamente os sectores gandeiros, máis dinámicos e tecnificados, os que en maior medida están a contribuír á xeración de emprego e á incorporación de mozas á actividade agraria e en consecuencia ao mantemento do tecido social do medio rural vivo. Os condicionantes de tamaño son particularmente delicados no sector vacún, dada a súa maior vulnerabilidade económica. A gandería española supón unha actividade de gran relevancia económica achegando 20.232 Millóns de euros a economía española, o 38% da produción España se sitúa entre as principais potencias gandeiras europeas.

No desenvolvemento desta actividade conviven dous modelos claramente diferenciados, o extensivo e o intensivo dando lugar a produtos gandeiros de alto valor e calidade onde cabe destacar que a produción de porcino de carne representa o 43,04% da produción final gandeira, a carne de vacún o 15,22%, a carne de aves o 12,36%, a carne de ovino e caprino o 5,5%, a produción de leite o 16,27% e a produción de ovos o 5,77%. Así mesmo cabe citar outras producións gandeiras minoritarias que gozan de valor estratéxico tales como a produción de carne de coello ou de equino e a apicultura.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Dentro da actividade gandeira, destaca a industria cárnica, que é o cuarto sector industrial do noso país, constituído por un tecido industrial dunhas 3.000 empresas, distribuídas por toda a xeografía española, especialmente en zonas rurais. Aínda que unha parte significativa do sector son pequenas e medianas empresas, isto non impediu o paulatino desenvolvemento e consolidación de grandes grupos empresariais, algúns deles líderes a escala europea. Ocupa o primeiro lugar de toda a industria española de alimentos e bebidas, representando unha cifra de negocio próxima aos 27.000 millóns de euros, o 22,6% do conxunto do sector alimentario español.

Esta cifra de negocio supón o 4,2% da facturación total de toda a industria española xerando preto de 97.000 postos de traballo directos, o 23,8% da ocupación total da industria alimentaria española. Un dato moi relevante é que a industria cárnica exportou máis de 3,2 millóns de toneladas de carnes, refugallos e produtos elaborados de todo tipo, alcanzando un valor de 8.680 millóns de euros en 2020.

España é unha potencia mundial na produción de carne, cun papel moi destacado no mercado comunitario, onde é o primeiro produtor de carne de ovino, o segundo de porcino, o segundo produtor de carne de ave e o cuarto produtor de carne de vacún. Esta vertente reforzase mesmo no elo gandeiro, sendo España o primeiro produtor de porcino da UE no que respecta ao censo de animais.

Ademais da produción cárnica, tamén cabe destacar a importancia do sector lácteo en España. A cadea de produción, transformación e comercialización do sector lácteo (vacún, ovino e caprino) é de gran relevancia no marco do panorama agroalimentario español, facturando ao redor de 13.000 millóns de euros ao ano e xerando máis de 60.000 empregos directos.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista insta ao Pleno da Corporación de Muros a adoptar o seguinte acordo:

1. Apoia unha gandería, tanto extensiva como intensiva, que siga sendo motor de desenvolvemento no medio rural, e especialmente ás explotacións familiares e profesionais que contribúen a xerar emprego, ademais de fixar poboación e tecido empresarial nos nosos pobos.

Apoia o impulso dunha gandería sostible, en liña co Pacto Verde Europeo e as estratexias europeas "Da Granxa á Mesa" e "Biodiversidade", tanto a través de mecanismos normativos como de fomento, apoiando e acompañado aos gandeiros e gandeiras nos investimentos necesarios para mellorar a sustentabilidade e rendibilidade.

3. Comparte os plans de control do cumprimento de requisitos, para que aqueles gandeiros que compren non se vexan prexudicados por quen non cumpre coa normativa ambiental, de benestar animal, de tamaño de explotacións, etc.

4. Valora positivamente a calidade e a exportación dos nosos produtos agroalimentarios, que responden aos estándares máis altos a nivel internacional; abrindo novos mercados e apoiando a promoción dos alimentos españois, entre eles os produtos gandeiros, fóra das nosas fronteiras.

A señora alcaldesa dá paso ás intervencións.

A Sra. Martínez indica que o ministro de Consumo se pensa que hai que cambiar algo no sistema de produción o que ten que facer é regulalo, e non saír nun xornal, e unha vez que isto teña un regulamento, di que eles en pleno, estarán a favor ou en contra; e en segundo lugar, a moción fai trampa, ao poñer ao mesmo nivel a gandería intensiva e extensiva, co cal é imposible defender unha cousa e a súa contraria. E sinala que en Muros non hai granxas, e que inda non se trouxeron mocións centradas en Muros e sobre todo en positivo, e se o PSOE ten algún tipo de problema co seu equipo de goberno en Madrid que o solucione e que non xere un falso debate. Di que eles condena que se converta a política nun plató de televisión mentres que non se lle dá solución a gandería galega E non entenden que traian esta moción atacando ao seu compañeiro de coalición de goberno, pero vendo como o PSOE tratou aos seus socios de goberno, si entenden esta postura. Tamén lles chama a atención que non fixeran mocións en defensa da nosa ría ou as

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

minas de San Fins, e que traia isto para defender a gandería española de modo moi xenérico, e por todo isto, di que van votar en contra.

A Sra. Alfonso di que a ela sóbralle a aclaración de tanto *extensiva e intensiva* e di que sen estas catro palabras non tería problema en votar a favor, indica que non vai entrar nesta pelexa e que non ten ningunha repercusión a nivel local de Muros, pero todo o que sexa defender o medio, a sostibilidade e o emprego de calidade, parécelle ben.

A Sra. Sambade indica que está todo dito.

O Sr. Quintela non ten nada que engadir.

A señora alcaldesa di que non teñen problema ningún en apoiar a moción xa que a defensa da gandería é un dos sinais de identidade do seu partido e a Xunta de Galicia puxo en marcha numerosas iniciativas a prol do crecemento do sector gandeiro. E indica que lle parece pouco serio que os plenos dos concellos teñan que emendar a un ministro do goberno, pero non teñen ningún problema en apoiala, e dá paso ás segundas intervencións.

A Sra. González sinala que lle sorprende moito a intervención do BNG, non entende a que vén esta guerra, xa que eles está defendendo aos gandeiros e gandeiras, que seguramente non é o sitio o pleno dun concello, pero consideran que hai que empezar de baixo para arriba, e que teñen que defender ao sector dende todas as institucións. E a súa intención é apoiar ás granxas, aos gandeiros...

A Sra. Martínez di que para apoiar hai que apoiar todos os días e non cando se debate en Madrid.

A Sra. Alfonso di que se eliminan esas catro palabras o seu voto é favorable.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (2), coa abstención do concelleiro, D. Quintela Fernández e co voto en contra da concelleira grupo municipal do BNG, D^a Martínez Romaní (1) adopta por unanimidade o seguinte:

ACORDO:

1. Apoia unha gandería que siga sendo motor de desenvolvemento no medio rural, e especialmente ás explotacións familiares e profesionais que contribúen a xerar emprego, ademais de fixar poboación e tecido empresarial nos nosos pobos.

Apoia o impulso dunha gandería sostible, en liña co Pacto Verde Europeo e as estratexias europeas "Da Granxa á Mesa" e "Biodiversidade", tanto a través de mecanismos normativos como de fomento, apoiando e acompañado aos gandeiros e gandeiras nos investimentos necesarios para mellorar a sustentabilidade e rendibilidade.

3. Comparte os plans de control do cumprimento de requisitos, para que aqueles gandeiros que compren non se vexan prexudicados por quen non cumpre coa normativa ambiental, de benestar animal, de tamaño de explotacións, etc.

4. Valora positivamente a calidade e a exportación dos nosos produtos agroalimentarios, que responden aos estándares máis altos a nivel internacional; abrindo novos mercados e apoiando a promoción dos alimentos españois, entre eles os produtos gandeiros, fóra das nosas fronteiras.

B. Mocións de urxencia

Non se presentan.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

C. Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno

Terceiro. a) Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 1211/2021 do 2 de novembro de 2021 ata o núm. 1444/2021 do 30 de decembro de 2021, das XGL núm. 27 do 29 outubro de 2021, XGL núm. 28 do 5 de novembro de 2021, XGL núm. 29 do 19 de novembro de 2021, XGL núm. 30 do 25 de novembro de 2021, XGL núm. 31 do 3 de decembro de 2021 e XGL núm. 32 do 22 de decembro de 2021 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

Cuarto. Rogos e preguntas

A Sra. alcaldesa sinala que quedaron preguntas pendentes do pleno anterior.

Rogos e preguntas na sesión anterior formuladas pola Sra. Alfonso:

A Sra. Alfonso preguntou polo período medio de pagamento a provedores do 3º trimestre do ano 2021, e a señora alcaldesa di que foi de 42,41 días que se foi reducindo.

Preguntou polos ingresos da piscina municipal no que vai de ano, que son de 109.572 euros.

Preguntou polos ingresos de transferencias correntes, e responde que foron de de 3.524.397,55 euros.

Preguntou polo decreto 1104/2021 na que había unha rectificación de crédito, e responde que foi pola adquisición de EPIs, reforzo o servizo de limpeza, a partida de alimentos, etc.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal PSOE:

A Sra. González pregunta se os empedrados que quedan dentro do peitoril son de Portos ou do Concello porque están en mal estado. A señora alcaldesa contesta que é de Portos.

A Sra. González di que na Pallagueira había un contedor de lixo que se sacou e que non se volveu a poñer, e pregunta se se vai volver a repoñer. A señora alcaldesa contesta que si.

A Sra. González di que no parlamento se aprobou dotar á área sanitaria de Santiago de hospitalización a domicilio, e pregunta se Muros estás nos lugares onde se vai a implantar. A señora alcaldesa di que polo momento non saben nada e que farán a consulta.

A Sra. González pregunta que se sabe da fibra no conxunto histórico.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal BNG:

A Sra. Martínez pregunta polo bando da antena de Abelleira, e a señora alcaldesa contesta que van trasladar os *remisores* e colocar a nova antena, e que si que esperan que funcione, e teñen que agradecer o veciño que lles dous permiso para colocala na súa propiedade. Que a idea é que se trasladen os equipos, que se suspenda o sinal ás 12.00 da mañá do luns e que a restablezan pola tarde.

A Sra. Martínez pregunta se saben que se está a instalar paneis fotovoltaicos na casa que hai na illa da Creba e que a vivenda se aluga como vivenda de luxo cando debería ser de titularidade pública, e a señora alcaldesa di que ten noticia de que está dada de alta como vivenda turística e non se dá conta que teñan solicitada licenza para paneis e di que preguntará.

A Sra. Martínez pregunta se o goberno ten pensado prestarlle atención á antiga fábrica de Calvo, e se non lles preocupa que quedara baleira cando saíu a poxa, cando a Xunta de Galicia afirmou que tiña múltiples compradores, ao que a señora alcaldesa contesta que a fábrica é de Calvo e non da Xunta e que non lle consta nada do que diso.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A Sra. Martínez roga que se arranxen as fochancas que hai no concello, sobre todo, O Vilar en Abelleira, a do Maio en Esteiro e as que van da estrada ao porto de Esteiro.

A Sra. Martínez roga que se limpen os accesos aos centros sociais, sobre todo o de Surribos.

E por último, roga que se solicite a subvención por parte da Xunta de Galicia de ata o 80 % para a creación do viveiro de empresas, e así sacar adiante o proxecto do BNG e que leva dúas lexislaturas no caixón.

E roga que se solicite a subvención da Xunta de Galicia para a creación de viveiros de empresas.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión pola Sra. Alfonso:

A Sra. Alfonso di que non ten preguntas nesta sesión.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión pola Sra. Sambade:

A Sra. Sambade roga se poden mirar a fonte da praza do Cristo da igrexa de Tal que está atascada.

E tamén pregunta se a canalización de Valdexería vai recoller o do colexio, ao que lle contesta a señora alcaldesa que si.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión pola Sr. Quintela:

O Sr. Quintela di que non ten preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas, e de todo o que eu como secretario dou fe.

O secretario accidental

Documento asinado electronicamente.